

Expediente: CON2024000012 Referencia interna: 2024/00017162G -
Obras de execución do proxecto de "Pavimentación do núcleo interior do lugar de Pedrido (Vilvestro)" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2023
Tipo de contrato: Obras Procedemento: Aberto

ACTA NÚMERO 1
ORZAMENTO DA LICITACIÓN: 144.899,27 euros máis IVE

DATOS DA REUNIÓN

Lugar: Servizo de Contratación - Videoconferencia
Data: 14-06-2024 Hora: 9:48

ASISTENTES

Presidencia: Pilar Lueiro García, concelleira delegada de Medio Rural

Vogais

-Berta Rosón López, en representación da Intervención Municipal
-Iñaki Bilbao Castro, en representación da Asesoría Xurídica
-Antonio Ranedo Santillana, xefe de servizo de Obras e Proxectos

Secretaria: Paz Filloy Mato, xefa de servizo de Contratación

Constituída a mesa de contratación, a secretaria informa das ofertas presentadas dentro do prazo outorgado.

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	CIF	NOME DO LICITADOR
1	07/06/2024 11:51	B15648223	ALCOMTE GALICIA S.L.
2	10/06/2024 12:10	B15608193	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.

A mesa de contratación abre, en primeiro lugar, os arquivos coa documentación administrativa acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración. Todos os licitadores presentan a documentación consonte o exigido no PCAP de aí que sexan admitidos neste procedemento de adxudicación.

A continuación, a mesa abre os arquivos electrónicos coas ofertas dos licitadores avaliábeis mediante criterios de xuízo de valor e comproba que as dúas empresas presentaron a oferta técnica.

A petición da Asesoría Xurídica faise constar en acta de que se lles debe advertir ás empresas de que non poden utilizar o logo do concello nas súas ofertas.

Finalmente, a mesa adopta os seguintes acordos:

1. Admitir neste procedemento de adxudicación todos os licitadores que presentaron oferta
2. Encargarlle ao Servizo de Obras e Proxectos que realice o informe de valoración e o cálculo das puntuacións correspondentes ás ofertas de cada licitador nos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor.

Levántase a sesión ás 9:58 horas

Vº e prace
A Presidencia da Mesa

Eu, como secretaria, dou fe